

Orgullo mariñano

María José Cuesta
Directora do IES San Rosendo de Mondoñedo

«Non hai unha receta para ter as notas máis altas; hai traballo e implicación»

O IES mindoniense está á cabeza dos institutos galegos na nota da selectividade

LIDIA FERNÁNDEZ / Y. G.
MONDOÑEDO / LA VOZ

María José Cuesta é a orgullosa directora do IES San Rosendo de Mondoñedo, centro mariñano que este ano superou as expectativas do propio persoal docente e logrou situarse á cabeza dos institutos galegos nos exames da selectividade. O seu alumnado, cunha nota media de 7,8 nesta proba de acceso á universidade, sobresa por un expediente académico impresionante.

Preguntámoslle á directora do San Rosendo cal é o segredo do centro mindoniense para posicionarse durante máis de cinco anos consecutivos nos postos máis altos no que respecta ó expediente dos seus alumnos, e a súa resposta non puido ser máis clara e concisa: «É todo cuestión de traballo por parte do alumnado e dun profesorado moi preparado e implicado coa educación dos rapaces. Non podemos esquecer o apoio familiar, que é fundamental no desenvolvemento académico dos nenos».

Mondoñedo está, pois, moi



María José Cuesta, diante do edificio do IES. FOTOS: XAIME F. RAMALLAL

orgullosa da súa xuventude, e o que amosan estes datos é que non importa o lugar ou zona, sexa máis grande ou máis pequeno, senón o interese e a motivación dos estudantes por aprender e superarse a sí mesmos. «Non temos nada que envidiar ós institutos dos grandes centros urbanos. Aquí intentamos satisfacer as demandas dos nosos alumnos na medida do posible», asegura María José con satisfacción.

Porén, ser un centro educativo

nunha vila como a mindoniense ten as súas desvantaxes: «A veces, ter poucos alumnos é un problema, xa que non podemos ofertar todas as materias que nos gustaría ó nun cumprir co número mínimo de alumnos esixido».

Non obstante, o IES San Rosendo acada unha compensación dentro da súa actividade académica coa destacada implicación dos profesores. É tal que se organizan dende o centro moitos proxectos extraescolares e, incluso,

«É un orgullo ser a directora dun centro educativo que sobresa polo nivel académico do seu alumnado»

intercambios con estudantes de outros países.

Todo isto favorece a curiosidade e participación dos rapaces en actividades lúdico-educativas dende unha idade moi temperá, propiciando posteriormente uns resultados académicos extraordinarios, engade a directora. E son precisamente estes resultados os que sitúan ó IES San Rosendo entre os mellores da nosa comunidade dende hai anos. Isto é un claro exemplo da importancia de contar cun persoal docente implicado.

«Non hai unha receta máxima. Todo depende do esforzo e da dedicación de docentes e estudantes», finaliza María José Cuesta.

ARRIBA O PANO!

Historias da mili

Meu adorado avó fixo a mili en Melilla e ás veces tiña morriña dos anos que pasara no continente africano cando era rapaciño para licenciarse no Grupo de

Forzas Regulares de Infantaría «LARACHE», Alcazarquivir.

Grazas a Hamid («Marruecos te espera») cruzei en xuño o país en varios días para facer unha noite no deserto. Comezamos ruta en Ouarzazat coñecida como a porta do deserto.

Alí rodáronse: *Astérix e Cleopatra*, *Lawrence de Arabia* (1962), *A guerra das galaxias* (1977), *007: Alta tensión*, *A momia* (1999), *Gladiator* (2000), de aí que lle chamen o Hollywood de África. Neste entorno de película recordaba que meu avó fóra o que sempre me apoiara no soño de ser actriz, o que me alentara e acompañara. O que me deu ás e o que foi «raíces».

Despois Hamid levounos ao Val das Rosas, cheo de aromas embriagadores, formado por hectáreas de rosais, todo da cor das princesas Disney, os taxis tamén. Alí volví a pensar no que meu avó vivira había 70 anos atrás e como namorara destas cores, cheiros e luz naquel momento xa.

Seguimos camiño ó deserto parando nunha cooperativa de aceite de argán onde as rapaciñas nos ensinaron a moer as amendoas e sacar o ouro líquido tan cotizado na cosmética europea.

Visitamos depósitos de fósiles mariños, paraíso para os amantes da paleontoloxía e mineraloxía. Na pena espida: Trilobites, Ammonoideos, Orthoceras e Goniatites (entre outros).

Cando fixen a maleta metín unha foto del, uniformado, para facer unha foto da foto. A «meta-foto», _dixen eu.

«Abuelo» sempre tivo ganas de volver alí. Tan preto e tan lonxe. A última vez que vin a foto, foi a noite no deserto.

*Estibaliz Veiga é actriz natural de Barreiros (páxina web: estibalizveiga.com).



LA IMAGEN

De colonias de verán en Ribadeo

Más de cien niños disfrutaron ya de las colonias de verán que organiza el Concello de Ribadeo desde la delegación municipal de Xuventude. Son menores de 3 a 12 años que este mes lo están pasando pipa, como se suele decir coloquialmente hablando.

Toda la información local en tu dial

Voces de A Mariña

De lunes a viernes de 11.00 a 12.00 h
con Félix Jorquera y María José Fernández Azpeitia



LA RADIO DE AQUÍ

VIVEIRO 88,5 FM
RIBADEO 102,3 FM